

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA



Tentamos ter una biblioteca o máis cómoda e comfortable

posible para que ti te sintas ben. Para iso, é importante que todos respectemos as normas.

- ✓ Na biblioteca debemos gardar silencio para non molestar ás persoas que están traballando.
- ✓ Manter en orde a biblioteca é traballo de todos. Cando marches, non deixes papeis enriba das mesas, coloca ben a cadeira e leva os libros e xogos ao lugar onde estaban.
- ✓ Non comas nin bebas na biblioteca.
- ✓ Respecta o mobiliario. Non se pode pintar nas mesas nin deteriorar ningún dos elementos que están para uso de todos.

Lectura e consulta na sala



Mentres esteas na biblioteca podes consultar os libros e revistas que queiras, pero cando remates tes que devolverllos ao profesor encargado da biblioteca.

Os espazos do fondo da biblioteca cun mobiliario máis atractivo son para a lectura e o estudo máis relaxado, non para formar tertulias anodinas nos leceres.



Servicio de préstamo

Poderás facer a busca dos libros desde calquera ordenador na seguinte dirección:

<https://iesmariacasares.edubib.xunta.gal/#https://iesmariacasares.edubib.xunta.gal/#>

O servizo de préstamo só funcionará nos recreos.

Podes ter o libro un máximo de 15 días, prorrogables durante outros 15 se non hai outras persoas en lista de espera. O deterioro do libro suporá a súa reposición.



Organización da biblioteca

Os libros están organizados por materias (literatura inglesa, castelá, etc.) seguindo a Clasificación Decimal Universal (CDU).

Nos andeis están organizados tamén por materias e, en cada unha, están ordenados alfabeticamente polo primeiro apelido do autor. Lembra que dicimos que un libro é de literatura castelá se a primeira edición do libro se fixo neste idioma. Por iso verás que, por exemplo, nos andeis de literatura inglesa temos libros en castelán e en galego porque o seu autor é inglés ou americano.

Os libros levan no seu lombo unha etiqueta como esta:

821.CA	→	Nº da CDU
CER	→	Iniciais do apelido do autor
qui	→	Iniciais do título